

21 RETRATOS FILMADOS

ÁNGEL SANTOS

PODERIAMOS AFIRMAR que este é un proxecto documental. Documenta unha realidade. Non pretende avaliar, cuestionar ou emitir xuízos de valor. Tan só rexistra. Captura en imaxes. O obxecto do noso rexistro son os *adolescentes* e a súa imaxe.

A actual xeración de mozos e mozas é a que ata o momento gozou dunha maior e máis directa (*natural*) relación coas novas tecnoloxías; tecnoloxías que permitiron unha multiplicación exponencial da súa imaxe. Existe certo componse exhibicionista que se está a transmitir —a través da rede, da televisión, etc.— a esta xeración. Un 'é' (existe) en medida en que 'é visto' (reproducido). Neste senso, os propios adolescentes son os primeiros en asumir un estrito control sobre a súa propia imaxe, amosándose ao mundo non tanto como o que realmente son senón como unha proxección do que lles gustaría ser ou, cando menos, de como quixeran ser vistos. A televisión, pola súa banda, cando centra o seu interese (comercial, fundamentalmente) neles, adoita ofrecer unha imaxe distorsionada e perversa, conforme a criterios de audiencia e ingresos publicitarios, confundindo perigosamente (*deliberadamente*, atreveríamonos a afirmar) aquilo que amosan co *real*.

A miúdo esquecemos que é nos momentos de ocio, durante os que os adolescentes non están nin nas aulas nin na casa, onde, principalmente, aprenden a vivir, a relacionarse uns cos outros no seu propio entorno e baixo as súas propias regras. Neste senso cobran unha enorme importancia os conceptos de 'espazo' e de 'tempo': o espazo público, a

rúa, convértese no lugar de encontro; e o tempo dilátase exponencialmente, facendo do concepto da *espera* a premisa fundamental. Os adolescentes sempre están a agardar algo. As *aventuras* na adolescencia poden estar conformadas por acontecementos mínimos; pero sobre todo hai espera. E, polo tanto, *lugares de espera*. Grupos de adolescentes sentados nun banco; adolescentes apoiados nunha parede; sentados nun portal... Nesa espera (á vida?) hai algo poderoso, dunha inefable beleza.

Con este proxecto pretendemos rexistrar antes ese aspecto intanxible da adolescencia que auto-proclamarnos avaliadores de certo estado das cousas no social. A duración de cada un dos retratos contidos neste filme vén determinada pola capacidade dunha bobina de 30 metros de película de 16mm (pouco menos de tres minutos). Nese tempo cremos que pode chegar a revelarse unha verdade máis fonda sobre os retratados da que adoitan amosar as imaxes distorsionadas ou manipuladas dos medios. Por todo isto non cremos mentir se afirmamos que *adolescentes* é un proxecto cinematográfico documental, poético e político.

PRÓXIMA SESIÓN:
MÉRCORES 7 DE NOVEMBRO ÁS 21.30

The Decline of Western Civilization
(Penelope Spheeris, EUA, 1981, 100', VOSP)